

A PROBLEMATICA DA ESCRITORA NA OBRA DE ROSALIA DE CASTRO

CARME BLANCO GARCIA

I.N.B. Lugo

Cómpre precisar, en primeiro lugar, que deixaremos á marxe a temática intrínseca das relacións existentes entre sexo e escritura para cinguírnos tan só ao enfoque extrínseco de ditas relacións. Ambos motivos temáticos están estreitamente vencellados e aparecen na obra de Rosalía de Castro cun tratamento lúcido e clarividente, adiantándose a moitos postulados da crítica literaria “feminista” do século XX. De todos xeitos, de entre os dous motivos, é o das relacións da escritora co contexto social, e non o da relación da escritora coa propia escritura, o que está máis presente na obra da autora.

O tema da problemática social da escritora ten unha significativa constancia na traxectoria creativa rosaliana. En efecto, a recurrencia do motivo pode rastrexarse desde a xuventude, cando Rosalía defende claramente por escrito ideas feministas, ata a súa madurez, cando estas ideas fan crise coas da sociedade establecida e se mostran contraditorias. Así podemos entrevelo xa na temprana proclama feminista dos “Lieders” (1858) e constatalo en limiares tan distantes cronolóxicamente como o de *La hija del mar* (1859) ou o de *Follas novas* (1880). No intervalo entre ambos prólogos, atopámolo nas novelas *Flavio* (1861) e *El caballero de las botas azules* (1867), na dedicatoria de *Cantares gallegos* (1863) e, de maneira especial, no ensaio “Las literatas. Carta a Eduarda” (1866).

Polo que se refire á súa presenza, é as máis das veces implícita ou se manifesta desde un segundo plano, tal como ocorre por exemplo na prosa de “Lierders” ou na dedicatoria de *Cantares gallegos*. Non obstante, en certos momentos, dita temática se sitúa no centro mesmo da obra: é o que ocorre no limiar de *La hija del mar* e en “Las literatas”.

Resulta, pois, evidente, que se trata dun motivo esencial —por recurrencia e, en certa maneira, dominancia— para completar a personalidade literaria de Rosalía.

Deixando de lado o aspecto biográfico da conflitiva vivencia do rol de escritora que sen dúbida sufriu a autora —como as demais creadoras da época—, cómpre sinalar a influencia que tal vivencia tivo na súa obra.

Polo que se refire á inserción da obra no seu contexto, sobresaee de maneira clara o contumaz rexeitamento que a autora tivo da dimensión pública da escritura e que se manifestou a través da fuxida da publicación e na tendencia a rachar ou queimar escritos. Así nolo demostra a súa biografía e tamén o testemuña, aínda que indirectamente, a súa obra.

Neste sentido, tanto no prólogo a *La hija del mar* como en “Las literatas” insiste no carácter necesario e íntimo da escritura, fronte ao aleatorio da publicación.

E, do mesmo xeito, no ensaio devandito incide no que poderíamos denominar teima rosaliana por destruír escritos. Esta obsesión obedecería ben a unha actitude hipercrítica ante a creación literaria en xeral, ou ben a unha visión hiperautocrítica propia da súa condición de muller e derivada do medio hostil que lle esperaba como acollida á obra de autoría feminina. De todos xeitos, son tamén posíbeis outras explicacións máis complexas de tipo psicosociolóxico ou mesmo filosófico-ideolóxico.

Evidentemente, nesta prevención ante a dimensión pública da escritora, Rosalía non é unha excepción dentro da historia da literatura feminina, na que atopamos innumerábeis casos de anonimato, pseudónimos masculinos e teima por facer desaparecer a propia creación.

Polo que se refire á obra en si, a visión prexuciosa que sobre as “literatas” tiña a sociedade da época faise centro temático en moitos casos, tal como sinalamos a propósito do artigo “Las literatas” ou de determinadas pasaxes das novelas.

En moitos outros casos, estes prexucios sociais marcan fundamente o estilo: así ocorre sobre todo nos prólogos, aínda que tamén conforme estilísticamente o resto dos xéneros, en especial o ensaio e a novela. Neste sentido é significativo o emprego de recursos propios —aínda que naturalmente non exclusivos— da marxinalidade en xeral e da feminina en particular, como son a ironía, a ambigüedad e o xogo de contradicións.

E de supoñer que estes condicionamentos sociais motiven asimesmo as citas solidarias de escritoras que se suceden ao longo da obra, como as repetidas da súa admirada George Sand ou de outras autoras menores como Delphine Gay. A solidariedade feminina, insólita dentro da concepción ideolóxica patriarcal e machista que conduce á competitividade e animadversión entre mulleres, semella ser outro dos significativos rasgos da personalidade rosaliana. Así, podemos observar tamén a súa incidencia en certas dicatorias, como a de *Cantares gallegos* a Fernán Caballero, ou no emprego estilístico na mesma obra do personaxe da cantora, de antiga tradición autóctona. Da mesma maneira, é unha mostra máis desa solidariedade literaria sen reservas, tan difícil de lograr entre as primeiras escritoras, según testemuñou a propia Virginia Woolf, o poema dedicado a Emilia Pardo Bazán.

Centrándonos xa nos momentos clave desta temática e seguindo o fio cronolóxico, observamos que os apuntes prosísticos de “Lieders” confórmanse como unha poética á vez romántica e feminista. As súas verbas cantan á liberdade artística, lonxe das regras clásicas, e reivindicán a liberdade para o sexo feminino, envolto na opresión dos condicionantes sociais:

Oh, no quiero ceñirme a las reglas del arte! (...) Sólo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido, desde la cuna ya, el ruido de las cadenas que debfan aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud. (1).

(1) Rosalía de Castro, *Obras completas*, Aguilar, Madrid, 1977, II, p. 949.

O limiar da súa primeira novela, *La hija del mar*, ten como único obxectivo defenderse de antemán das falsas ideas predominantes na época con respecto ás escritoras. A peza xoga estilisticamente coa ironía e a ambigüidade e o que comenza aparentando ser unha tímida desculpa feminina acaba convertíndose nunha radical reivindicación de feminismo literario. Da irónica desculpa inicial:

(...) permítase a la mujer disculpase de lo que para muchos será un pecado inmenso e indigno de perdón (...) (2).

pasa á contundente denuncia final:

El que tenga paciencia para llegar hasta el fin; (...) olvide, (...) que su autor es una mujer. Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben. (3).

Para apoiar as súas ideas cita a unha serie de homes (como Feijoo) e mulleres (como Safo, George Sand, Madame de Staël ou Madame Roland) que defenderon na teoría e na práctica a dimensión intelectual da muller e protestaron fronte á concepción tradicional da feminidade que pechaba á muller no universo doméstico.

Seguindo a liña cronolóxica, na novela *Flavio* aparece desenvolvido o tema a través do personaxe de Mara e, entre outros aspectos,ponse de manifesto o desafío que supuña que unha muller escribise na sociedade da época:

Una mujer que se atreve a trasladar al papel sus sentimientos más ocultos, aquellos sentimientos que nadie debe penetrar (...), aquellos de que ella misma debiera tal vez ruborizarse (...) ¡Locura! (...) Si mi mano imprudente graba en el papel un nombre querido, que mi mano lo rompa luego (...) Si mi pluma traza desiguales renglones (...), que nadie sepa que aquellos renglones son versos (...) Los que creen que el Universo ha creado tan sólo para ellos sus bellezas, dicen que suenan mal en boca de una mujer los consonantes armoniosos; que la pluma en su mano no sienta mejor que una rueca en los brazos de un atleta (...) (4).

Con posterioridade, na dedicatoria de *Cantares gallegos* a Fernán Caballero, Rosalía estampa unha reivindicación feminista do dereito á escritura nas coñecidas palabras:

A Fernán Caballero

Señora: Por ser mujer y autora de unas novelas hacia las cuales siento la más profunda simpatía, dedico a usted este pequeño libro (...) (5).

Esta histórica dedicatoria que deu pé á simbólica institucionalización do Día das Letras Galegas, precisamente polo que tiña de reivindicación galeguista, contén tamén —aínda que durante moitos anos pasara inadvertida— unha evidente reivindicación feminista na expresión “Por ser mujer y autora de unas novelas (...)” Pode, pois, considerarse 1863 como data simbólica do feminismo literario.

(2) *Ibid.*, p. 11.

(3) *Ibid.*, p. 13.

(4) *Ibid.*, p. 286.

(5) *Ibid.*, I, p. 66.

En *El caballero de las botas azules* aparecen reiteradas alusións ao tema, e a afirmación do dereito á escritura inxírese no contexto das outras dimensións públicas femininas, tal como mostran estas palabras:

Dicen que las mujeres no deben ser ni literatas, ni politiconas, ni bachilleras, y yo añado que lo que no deben es de dejar de ser buenas mujeres (6).

Asimesmo, constata de maneira clarividente o cambio de rumbo que o futuro traerá para a vida da muller e polo tanto tamén para o conxunto da sociedade:

(...) ellos (...) exclaman en tono de protesta: "No la pluma en tus manos, mujer nacida para educar mis hijos: la aguja y la rueca son tus armas". (...) Pero ¿no han previsto que sus hijos tendrían dos madres? ¿Que la rueca caería en desuso y que la aguja quedaría relegada a las costureras? ¿En qué han de ocuparse entonces las mujeres? (...) (7).

Ao fin, os devanditos motivos, explicados e ampliados, confluen no artigo sobre "Las literatas", que analiza o conxunto de prexucios que recaían sobre a escritora en xeral e a escritora casada en particular. O ensaio parte, por tanto, dunha actitude moi semellante á adoptada por Virginia Woolf en *A room of one's own* (1929), aínda que con menores pretensións. De todos xeitos, como sempre en Rosalía, a aparencia estilisticamente coloquial e insignificante da "Carta a Eduarda" non pode ocultar a clarividencia e a fondura do contido e da crítica existentes na súa análise da situación de "Las literatas". Se a obra de Virginia Woolf aínda é básica para comprender os condicionamentos materiais e psicolóxicos nos que se move a creación literaria feminina, a de Rosalía tamén o é para comprender os condicionamentos sociais cos que se tiña que enfrentar a escritora en xeral e de maneira moi especial a escritora galega.

Ademais, este ensaio evidencia a lucidez da intelixencia da autora, así como o seu carácter de muller non convencional, na que se combinan á vez certos prexucios tradicionais (como a obsesión pola honra) con ideas de vanguardia dentro do pensamento feminista (como a protesta contra o parasitismo doméstico masculino ou a constatación das interferencias existentes entre a opresión clasista e a sexista).

Tal como o ve Rosalía desde a súa perspectiva de muller, o panorama literario é desolador e a vida da escritora semella un inferno, xa que non atopa máis que o rexeitamento e a ridiculización por parte da sociedade, sexa cal sexa o seu comportamento. De entre todas as críticas destacan en especial as feitas polos propios compañeiros escritores masculinos e as dirixidas á escritora casada, poñendo de manifesto como en ambos casos actua o prexucio da superioridade intelectual do home.

Entre os moitos párrafos posíbeis podemos citar como exemplo da súa clarividente análise o seguinte:

Por lo que a mi respecta, se dice muy corrientemente que mi marido trabaja sin cesar para hacerme inmortal. Verso, prosa, bueno o malo, todo es suyo, pero sobre todo lo que les parece menos malo, y no hay principiante de poeta

(6) *Ibid.*, II, p. 724.

(7) *Ibid.*, p. 667.

ni hombre sesudo que no lo afirme. (...) Enfadosa preocupación, penosa tarea, por cierto, la de mi marido, que costándole aún trabajo escribir para sí (...), tiene que hacer además los libros de su mujer, sin duda con el objeto de que digan que tiene una esposa *poetisa* (esta palabra ya llegó a hacerme daño) o novelista, es decir, lo peor que puede ser hoy una mujer. (8).

Ditas palabras semellan transparentar as reais vivencias rosalianas que as inspiran, posto que, casada como estaba cun home de forte personalidade intelectual, Manuel Murguía, non faltou quen lle atribuíra parte, ou a totalidade, do seu talento ao marido, e non só en vida, senón que esta foi tamén unha tendencia que se deixou ver con posterioridade na crítica.

Mais a propia autora expón tamén as causas que motivan tal prexuício en base á existencia de outra serie de falsas ideas sobre as que dito prexuício se asenta. As suas palabras resultan unha vez máis certeiras, conseguindo unha das apreciacións máis logradas da carta:

Pero ¿cómo creer que *ella* puede escribir tales cosas? Una mujer a quien conocen desde niña, a quien han oído hablar, y no andaluz, sino lisa y llanamente como cualquiera, ¿puede discurrir y escribir cosas que a ellos no se les han pasado nunca por las mentes, y eso que han estudiado y saben filosofía, leyes, retórica y poética, etc.? Imposible, no puede creerse a no ser que viniese Dios a decirlo. ¡Si siquiera hubiese nacido en Francia o en Madrid! Pero ¿aquí mismo?... ¡Oh!... (9)

Resulta evidente a crítica da ideoloxía patriarcal máis machista e da mentalidade colonizada e ignorante que conteñen estas palabras.

E chegamos ao prólogo de *Follas novas*, onde expón unhas ideas tradicionais que se contradín coas afirmacións que acabamos de ver feitas na xuventude, pero curiosamente tamén co que a obra é. Rosalía di no limiar que é “só unha muller” e que polo tanto non pretende facer poesía trascendente, pois iso sería algo impropio do seu sexo:

¿Mais dirase por eso que me teño por unha inspirada, nin que penso haber feito o que se di un libro transcendental? Non: nin eu o quixen, nin me creo con forzas pra tanto. No aire andan dabondo as cousas graves, é certo; fácil é conocelas, e hastra falar delas; mais son muller, i ás mulleres, apenas si a propia feminina franqueza lle é permitido adiviñalas, sentilas pasar. (...) O pensamento da muller é lixeiro; (...) (10).

Pero os propios poemas do libro, co seu mesto trasfondo, demostran o contrario e, en consecuencia, que valía tanto como un home, e non lle era allea a poesía de temática filosófica.

E podemos aventurar que isto era o que ela mesma pensaba, ou, polo menos,

(8) *Ibid.*, p. 956.

(9) *Ibid.*, p. 956.

(10) *Ibid.*, I, pp. 270-271.

intuía no fondo, e que as tópicas ideas do prólogo foron escritas tan só como defensa ante posíbeis críticas.

En fin, resulta doado concluir que Rosalía foi moi consciente da problemática social que rodeaba á escritora no século XIX, sobre todo en Galicia, entre outras cousas porque a tivo que sufrir.

Os atrancos reais que houbo de soportar, por unha banda, e a fondura da súa intelixencia, por outra, conxugáronse para que Rosalía fora unha das pioneiras ibéricas do “feminismo literario”, suscitando na nosa terra a polémica sobre as “literatas”, que levaba anos debatíndose en Francia.

Lembremos, para rematar, que a súa máis trascendente aportación neste sentido é a en aparencia insignificante “Carta a Eduarda”, clarividente ensaio de socioloxía literaria, que se adianta en certos aspectos a *A room of one's own* de Virginia Woolf.